

INSCRÍBETE XA!

Poderás formalizar a túa inscrición de xeito telemático a través do DNI ou certificado electrónico ou mediante a habilitación dun usuario e contrasinal que che chegará ao móbil ou ao correo electrónico.

Os mozos e mozas en situación de risco de exclusión social ou discapacidade poderedes solicitar a inscrición de forma presencial.

Inscríbete xa na páxina web www.garantiaxjuvenil.xunta.es



PROGRAMA DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO GARANTÍA XUVENIL

Se tes entre
16 e 29 anos,
non pares!



Teléfono: 881 99 57 00

Correo electrónico: garantiaxjuvenil@xunta.es

Web: www.garantiaxjuvenil.xunta.es




UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro



XUNTA
DE GALICIA

Inscríbete xa!



EN QUE CONSISTE O PROGRAMA DE GARANTÍA XUVENIL?




O programa de Garantía Xuvenil en Galicia enmárcase dentro da Estratexia de Emprendemento e Emprego Xoven que, tras un proceso de diálogo e participación cos interlocutores sociais, se articula para dar resposta á situación laboral na que se atopan moitos mozos e mozas en Galicia.

Contempla actuacións para mellorar a empregabilidade, facilitar a inserción no ámbito laboral, promover o emprendemento e mellorar a súa situación dentro do mercado de traballo.


QUE MEDIDAS ESTÁN A IMPLEMENTARSE NA NOSA COMUNIDADE?

O programa de Garantía Xuvenil en Galicia contempla un catálogo de medidas axustadas aos distintos perfiles de mozos e mozas entre 16 e 29 anos.

As medidas vertébranse en torno a catro eixes principais:

-  **Mellora da intermediación:** Orientación laboral, información laboral e acompañamento, actuacións con axencias de colocación, etc.
-  **Mellora da empregabilidade:** Programas formativos, programas de adquisición de experiencia e prácticas non laborais en empresas.
-  **Estímulos á contratación:** Incentivos á contratación indefinida, á contratación temporal así como á transformación de







contratos temporais en indefinidos compatibles coas bonificacións das cotizacións á Seguridade Social para as empresas que contraten a mozos e mozas inscritos no sistema nacional de Garantía Xuvenil

-  **Fomento do emprendemento:** Entre as que se inclúen axudas para a creación do propio posto de traballo xa sexa de forma individual como traballadores ou traballadoras autónomas ou xa sexa de forma colectiva constituíndo cooperativas.

QUEN PODE PARTICIPAR NO PROGRAMA DE GARANTÍA XUVENIL?

No Programa podedes participar tanto **mozos e mozas** como **empresas**.

Os mozos e mozas, que esteades no proceso de búsqueda dun emprego ou que precisedes asesoramento ou formación, debedes cumprir unha serie de **requisitos**, entre outros:

-  Ter nacionalidade española e estar empadroadado en calquera localidade do territorio nacional español.
-  Ter máis de 16 anos e menos de 29.
-  Non ter traballado nos 30 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude.
-  Non ter recibido accións educativas que impliquen máis de 40 horas mensuais nos 90 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude.
-  Non ter recibido accións formativas que impliquen máis de 40 horas mensuais nos 30 días naturais anteriores á data de presentación da solicitude.
-  Presentar unha declaración expresa de ter interese en participar no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.



As empresas interesadas en sumarnos ao Programa **poderedes beneficiaros de importantes incentivos á contratación así como reducións e bonificacións nas cotas á Seguridade Social**.